

O *Principiño* ao redor do mundo

A colección de Carlos Casares



Do 10 ao 28
de maio de 2017

.....

Casa Galega da Cultura

CONCELLO
DE VIGO



O Principiño ao redor do mundo

A colección de Carlos Casares



Carlos Casares




Saint-Exupéry

O Principiño (*Le Petit Prince*, orixinalmente) publicado en 1943, é a novela máis famosa do aviador francés Antoine de Saint-Exupéry, que escribiu mentres se hospedaba nun hotel de Nova York. É un relato filosófico cunha enorme carga poética que, baixo a aparencia dun conto infantil, aborda temas tan profundos como a vida e o amor, a morte, a amizade, as actitudes e as preocupacións da vida. Foi ilustrado polo propio autor e está dedicado ao seu amigo León Werth, “cando era neno”. Traducido a máis de 200 linguas e dialectos (en máis de 600 edicións), leva vendido unha cifra superior aos 90 millóns de copias en todo o mundo.

A colección de principiños de Carlos Casares evidencia a paixón do escritor polo libro de Saint-Exupéry, que el mesmo traduciu ao noso idioma en 1972, nun hotel de Viana do Bolo. A partir daquel momento foi mercando calquera edición que atopara nas súas viaxes polo mundo. Tamén os amigos, sabedores do seu gusto, o agasallaban con exemplares curiosos. Así, foi medrando unha colección que en vida do escritor superaba o centenar de volumes, en diferentes linguas e dialectos do mundo. A Fundación Carlos Casares ten como misión ofrecela para coñecemento público, como era vontade do escritor.

Inicialmente a exposición sobre a colección da obra *O principiño* estaba incluída na exposición de maior tamaño titulada “Os mundos de Carlos Casares”, pero a súa relevancia fixo que adquirise formato propio. No momento da súa morte, Carlos Casares tiña na súa colección máis de 100 volumes de distintas edicións de *Le Petit Prince* en linguas xermánicas, eslavas, románicas, escandinavas e mesmo orientais. Ademais de contar coa obra nas linguas da península ibérica (galego, portugués, castelán, éuscaro e catalán) tiña tamén obras en aragonés, asturiano ou extremeño. A colección recolle tamén edicións únicas ou raras de linguas minoritarias, algunhas de mediados dos 70, así como edicións especiais e outros obxectos do tradutor que explican o amor pola obra *O principiño*. Casares tiña esa alma infantil que nunca se perde de todo a pesar da idade.

Con esta exposición a Fundación Carlos Casares e o Concello de Vigo contribúen na difusión da figura do escritor ourensán ao que neste ano 2017 se lle dedica o Día das Letras Galegas.



“Hai xa bastantes anos, despois de escoitar un disco de Gérard Philipe recitando fragmentos de *Le Petit Prince*, de Saint-Exupéry, decidín traducir esa obra ao galego. Foi un dos traballos literarios que máis paixón despertaron dentro de min. Recordo moi ben as longas noites de inverno nun pequeno hotel en Viana do Bolo escribindo e reescribindo parágrafos, buscando palabras e comparando traducións. Despois dediqueime a coleccionar traducións do mesmo libro a outras linguas e fun adquirindo cantos traballos atopei sobre o seu autor.”

(“*Un ramiño de flores*”, 27 de xullo de 1992)

“Chaman a atención, sobre todo, as edicións en linguas de alfabeto distinto, como poden ser o grego, o devanagari da India, o cirílico, o xaponés. Nesta última, ademais, os rapaces quedan sorprendidos de que a capa do libro estea “ao revés”, é dicir, na parte que nos chamamos a contracapa, e que a lectura se faga de esquerda a dereita. Unha boa oportunidade para falarlles aos nenos das diferenzas e da relatividade das cousas.”

(“*Xeografía do corazón*”, 22 de novembro de 2001)

“Eu nunca pensara ata entón que a pobreza e as desigualdades afectasen incluso a un libro como este. Por iso, ao chegar á casa, fixen un repaso. Efectivamente, os países ricos teñen uns Príncipeños de primeira, luxosamente encadernados, cunhas ilustracións en color magníficas e unha letra grande, impresa en bo papel. Os outros, non. Pero hai unha categoría peor, que está formada polos países que nin sequera puideron traducir o libro aínda.”

(“*Libros ricos e pobres*”, 17 de outubro de 2001)

“Os pequenos, que eran pequenos de verdade, estiveron moi atentos en tanto lles falaban da paz, cada un deles cun exemplar d’*O príncipiño* na man, mirándolle os santos. Mentres eu os observaba, fascinado por tanta inocencia xunta, veume á cabeza a idea de pensar como sería a biografía individual de todos aqueles cativos dentro de vinte anos. Inevitablemente, haberá de todo. Para que ese todo sexa o máis venturoso posible, actos como o de onte me parecen espléndidos. Cando lle amosei a edición de Uzbequistán, todos sabían onde quedaba Afganistán. Está ben que aprendan xeografía, pero mellor que aprendan a xeografía do corazón.”

(“*Xeografía do corazón*”, 22 de novembro de 2001)

CARLOS CASARES E A FUNDACIÓN

Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941- Vigo, 2002) é unha das figuras centrais da literatura galega do último terzo do século XX. A súa produción escrita abrangue un amplo catálogo de xéneros entre os que se pode debullar o relato breve (*Vento ferido*, 1967; *Os escuros soños de Clío*, 1979), a novela (*Deus sentado nun sillón azul*, 1996; *O sol do verán*, 2002); a literatura e o teatro infantil (*a saga de Toribio*, ou *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, 1973), a literatura xornalística (*A ledicia de ler*, entre 1975 e 1992; *Á marxe*, entre 1982 e 2002) ou o ensaio e a biografía sobre figuras importantes da cultura galega como Curros Enríquez, Vicente Risco, Anxel Fole, Ramón Piñeiro ou Otero Pedrayo.

Tradutor de Saint-Exupéry, María Gripe ou Ernest Hemingway, foi gañador de numerosos premios da Crítica, do Losada Diéguez, da Xunta de Galicia e do Premio Otero Pedrayo. Foi director da Editorial Galaxia, membro da Real Academia Galega e tamén presidente do Consello da Cultura Galega, posto que ocupou ata o seu repentino falecemento, o 9 de marzo de 2002. A Fundación Carlos Casares créase en setembro dese mesmo ano, baixo a presidencia de Kristina Berg, viúva do escritor, para se converter nunha entidade que se encarga non só do estudo e difusión da obra literaria de Casares, senón para ser un centro de reflexión sobre o desenvolvemento cívico, social e cultural, realizando toda clase de actividades tendentes a afortalar o proceso de normalización lingüística e cultural de Galicia.

COMISARIOS:

Gustavo A. Garrido
Miguel Valverde

TEXTOS:

Montse Pena

AGRADECEMENTOS:

Hayat Husein
David de la Iglesia
Ángela Villar
Denís Vicente

O Principiño ao redor do mundo

A colección de Carlos Casares

.....

Carlos
Casares

LETRAS GALEGAS 2017

Casa Galega da Cultura
Praza da Princesa, 2. Vigo

Do 10 ao 28 de maio de 2017

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h

